



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2023-3

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

2 de Febreiro de 2023

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

13:38

Hora de Finalización

13:49

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

ANTONIO VAZQUEZ COSTA
JOSÉ LUIS SANTIAGO RODRÍGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS :

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 25.01.2023 (ACTA 2023/2)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. ACORDOS QUE PROCEDAN SOBRE O PROXECTO "FUTURO VERDE DO ALTO TÁMEGA" PRESENTADO AO PERTE DE DIXITALIZACION DO CICLO DA AUGA.

El Sr. Alcalde explica a los presentes que en relación con el proyecto presentado al PERTE de digitalización del ciclo del agua, se requiere la adopción de acuerdos complementarios al que adoptó el Pleno del Ayuntamiento en su sesión extraordinaria del pasado día doce de enero de 2023.

Por lo que la Junta de Gobierno Local, por unanimidad de sus miembros, **ACUERDA:**

PRIMERO. Declarar que la **titularidad del servicio de saneamiento es totalmente pública**, y su **sistema de gestión es directo**, asumida por este órgano de gobierno. No existe ninguna empresa que tenga atribuida la gestión indirecta de esta actividad.

SEGUNDO. Declarar que se **aceptan expresa e íntegramente** las disposiciones establecidas en la orden ministerial TED/934/2022 de 23 de septiembre de 2022; por la que viene regulada la convocatoria en concurrencia competitiva, del PERTE para la Digitalización del Ciclo del Agua.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

TERCERO. Manifestar que **las actuaciones subvencionables** vienen recogidas en el proyecto a presentar, y asumidas en el convenio aprobado en acuerdo plenario de **12 de enero de 2023**, por la que se regula la agrupación de ayuntamientos para desarrollar actuaciones de mejora de saneamiento en el curso alto del río Támega. En dicho convenio; en su artículo 5, se establece una cantidad total para este ayuntamiento de **108.000,00 euros**, de la que se deduce una contribución del Ministerio de 91.800,00 euros y una cofinanciación municipal de 16.200,00 euros; todo ello desagregado en tres anualidades tal como establece el Convenio.

CUARTO. Estos compromisos, se asumen sin perjuicio de mayores inversiones o actuaciones que se puedan dar en los ejercicios abarcados por esta ayuda, y que no afecten al objeto material de la ayuda recibida. El detalle de las actuaciones subvencionables vienen recogidas en el proyecto y en el Convenio. Cualquier variación de estas cantidades, para este Ayuntamiento, tienen su regulación en el convenio, y dependerán definitivamente de la concesión de la Ayuda a la que se acude.

En el mismo convenio se establece la obligación, en su artículo 6 párrafo 2, de afianzar las operaciones de inversión mediante los métodos que la ley establece, por lo que se asume el compromiso de dar cumplimiento a dicha obligación.

QUINTO. En cumplimiento de lo acordado en pleno, comprometerse a dotar presupuestariamente, o a realizar las retenciones de crédito adecuadas en cada ejercicio presupuestario, para cubrir las obligaciones financieras, que de tal situación se derivan.

SEXTO. Comprometerse a garantizar, tanto en medios técnicos como humanos, la realización de las actuaciones previstas en el proyecto, y además garantizar el mantenimiento de las mismas durante; al menos, los cinco años posteriores, a la ejecución del Proyecto.

SÉPTIMO. Comprometerse (en cuanto que órgano responsable de la gestión) a dar cumplimiento a lo establecido en el artículo 33.3 apartado d), de la convocatoria referida, en lo relativo a la obligación de comunicación que será requerida por parte del Ministerio de Transición Ecológica y Reto Demográfico, y en lo concernido a todo lo que este artículo refiere.

3º. ORDE DO 9 DE XANEIRO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) E SE PROCEDE A SUA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO DO ANO 2023 (TR351G)

O Sr. alcalde pasa a dar conta ós presentes da **Orde do 9 de xaneiro de 2023**, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se regulan así as bases para a concesión de axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (**Aprol Rural**); así como da documentación que se elaborou sobre o particular.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,
ACORDA:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto da obra ou servizo para a que se solicita subvención, a saber: **Contratación de catro peóns forestais para brigada de limpeza forestais.**

E como queira que o concello non conta con convenio colectivo propio, aprobar a seguinte táboa retributiva para os traballadores a contratar con esta subvención:

NÚM. TRAB.	GRUPO COTIZ SS	OCUPAC.	CNAE 2009	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALAR. BRUTO	% COTA PATR. SS	COTA PATR. SS	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURA. CTTO. MESES	TIPO XORN. %	CUSTOS SALAR. TOTAIS
4	10	PEÓN FOREST.	8411D	1.260,00	38,30 %	482,58	1.742,58	9 M	100 %	62.732,88
TOTAL SUBVENCIONABLE				1.260,00		482,58	1.742,58			62.732,88

SEGUNDO. Solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade, ó abeiro da Orde da devandita Consellería de data **9 de xaneiro de 2023**, o financiamento do 100% dos gastos salariais totais correspondentes para a contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social.

TERCEIRO. Facultar, de xeito expreso, ó Sr. Alcalde-Presidente para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que se poida conceder.

CUARTO. Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución, así como o compromiso de financiar o importe que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.

QUINTO. Trasladar o presente acordo á devandita Consellería.

4º. ORDE DO 9 DE XANEIRO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACION TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACION OU RISCO DE EXCLUSION SOCIAL, PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACION SOCIAL DE GALICIA (RISGA) E SE APROBA A SUA CONVOCATORIA PARA O ANO 2023 (TR351F)

O Sr. alcalde pasa a dar conta ós presentes da **Orde do 9 de xaneiro de 2023**, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se regulan así as bases para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (**Risga**); así como da documentación que se elaborou sobre o particular.

Tralo que, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto do servizo para a que se solicita subvención, a saber: **"Reparación de pequenas infraestruturas e limpeza de edificios municipais"** mediante a contratación de **dous traballadores**.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

E como queira que o concello non conta con convenio colectivo propio, aprobar a seguinte táboa retributiva para os traballadores a contratar con esta subvención:

NÚM. TRAB.	GRUPO COTIZ SS	OCUPAC.	CNAE 2009	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALAR. BRUTO	% COTA PATR. SS	COTA PATR. SS	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURA. CTTO. MESES	TIPO XORN. %	CUSTOS SALAR. TOTAIS
1	10	LIMPADOR	8411G	945,00	35,20 %	332,64	1.277,64	9 M	75 %	11.498,76
1	10	PEÓN ALBANEL	8411D	945,00	38,30 %	361,94	1.306,94	9 M	75 %	11.762,46
TOTAL SUBVENCIONABLE				1.890		694,58	2.584,58			23.261,22

SEGUNDO. Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro da Orde da devandita Consellería de data **9 de xaneiro de 2023** o financiamento ó 100% dos gastos salariais correspondentes para a posta en funcionamento da obra ou servizo que se dixo.

TERCEIRO. Facultar, de xeito expreso, ó Sr. Alcalde-Presidente para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que se poida conceder.

CUARTO. Trasladar o presente acordo á devandita Consellería.

5º. ORDE DO 29 DE DECEMBRO DE 2022, DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS SUBVENCIONS PARA A CREACION E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIONES, INSTALACIONES E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2023. (PR486A)

Seguidamente o Sr. Alcalde pasa a dar conta ós presentes da **Orde** da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes de data **29 de decembro de 2022**, pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de **infraestruturas de uso público** por parte dos concellos de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano **2023**.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o **anteproxecto** da obra para a que se solicita subvención, a saber: **"Doble rego asfáltico en camiños de Nocedo do Val"**, de acordo có seguinte:

Documento técnico: Anteproxecto

Autor: María Cristina Sabariz Rúa.

Data: Febreiro de 2023.

Orzamento base de licitación: 46.451,16 euros.

Orzamento total (inc. Honorarios técnicos): 49.113,16 euros.

Actuacións contempladas: Obras de pavimentación dos camiños definidos no anteproxecto.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Consecuentemente, recabar o regulamentario **informe dos Servizos Técnicos municipais** sobre o documento técnico que se ven de aprobar e, de acordo có contido do mesmo, solicitar no seu caso as autorizacións sectoriais pertinentes para que chegado o momento a actuación poida ser regulamentariamente contratada e executada.

SEGUNDO. Solicitar á **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes** unha subvención, ao abeiro da orde de referencia, para a realización de ditas actuacións e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

TERCEIRO. Comprometerse a realizar a achega municipal necesaria. O Concello comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente execución das actuacións. Para este efecto, habilitará as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario-interventor.

CUARTO. Facultar de xeito expreso ao Alcalde, Vicente Gómez García, para a sinatura de toda a documentación precisa.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

